

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de decembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Angel Rivas González

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e cincuenta minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local por delegación, Sr. Lorenzo Penela, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1564).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1565).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CENTRO SOCIOCULTURAL, ARTÍSTICO E RECREATIVO DE VALLADARES” PARA A 1ª FASE DAS OBRAS DE REFORMA PARCIAL DO LOCAL SITUADO NA ESTRADA DE VALADARES, 233, PARA ADICAR A ACTIVIDADES SOCIOCULTURAI. EXPTE. 5363/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.12.11, o informe de fiscalización, do 28.12.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Atención e Participación Cidadá, do 20.12.11, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 150.000 € (cento cincuenta mil euros), con cargo á partida presupostaria 9240 7800001, denominada “Subvención Escola de Música de Valadares” incluída no vixente orzamento municipal (ano 2011), aprobado en sesión plenaria de 23 de decembro de 2010.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares” (CIF: G-36617082), cuxo obxecto é a subvención da primeira fase das obras de reforma do local situado na Estrada de Valadares, nº 233, co fin de adicar a actividades socioculturais e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONDECER á referida entidade, unha subvención de 150.000 € (cento cincuenta mil euros).

TERCEIRO. - NOTIFICAR o presente acordo aos interesados, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e 58 da Lei 30/92, de RXAP e PAC, con indicación expresa de que, contra o mesmo, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos arts. 116 e 117 da Lei 30/92, de RXAP e PAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO CULTURAL, ARTÍSTICO E RECREATIVO DE VALLADARES, PARA A EXECUCIÓN DA PRIMEIRA FASE DAS OBRAS DE REFORMA DO INMOBLE SITUADO NA ESTRADA DE VALADARES, Nº 233 PARA ADICAR A ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS

Na Casa do Concello de Vigo, ----- dous mil once

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra, Don Gregorio Álvarez Pereira, provisto de D.N.I. 35985740-D, actuando en representación do Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares (CIF:G-36617082), con enderezo social en Vigo, na Estrada Xeral de Valladares nº 233.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares” ten, entre os seus fins, a organización de actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas, para cuxo desenvolvemento iniciou as obras de reforma do local social situado na Estrada Xeral de Valadares, nº 233, propiedade do centro, coa finalidade de adicar a actividades socioculturais nas plantas semisoto, primeira e segunda da edificación, o que permitirá un mellor desenvolvemento das

actividades propias da entidade, incrementando, dunha banda, a promoción da formación cultural, artística e musical, e doutra, a realización de actividades lúdicas e de fomento da participación cidadá, para dar resposta, así, ás necesidades da veciñanza de Vigo en xeral, e dos residentes da parroquia de Valadares en particular.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da subvención da primeira fase das referidas obras, continúa no seu compromiso, non só de garantir a participación da cidadanía na vida local senón tamén de promovela activamente, mediante o fomento do asociacionismo, en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas, sociais, culturais, etc., todo iso, coa finalidade de colaborar coa poboación na proposta e detección de solucións ás diferentes problemáticas sociais e urbanas, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, establecendo canais de cooperación co Concello na busca do progreso socioeconómico da cidade, a través de proxectos máis amplos que conxuguen as vontades individuais co servizo á comunidade.

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias e que conforman a nosa cidade, cómpre salientar a importancia da implantación do movemento asociativo cultural e veciñal en xeral e, en particular, a labor do “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares”, o cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.

III.- Que, de conformidade cos artigos 22.2 da Lei, 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS, en adiante) na subvención a outorgar concorren circunstancias que motivan a innecesariedade da súa convocatoria pública e que xustifican a súa concesión directa:

- No vixente orzamento do Concello de Vigo (2011), está prevista dotación orzamentaria, consignada na aplicación 9240 7800001, polo importe de 150.000,00 €, coa denominación “Subvención Escola de Música de Valladares”.*
- Están presentes singulares circunstancias de interese público, social, económico, comunitario e outros fins contemplados no art. 2 dos seus Estatutos. Así, o “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares” ten, entre os seus fins, organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas, asumir a defensa dos intereses dos/as veciños/as, atender aos sectores sociais máis desfavorecidos, promover a cooperación cultural, social, humanitaria, económica, accións a prol dos/as veciños/as, fomentar o voluntariado social e cultural entre a veciñanza, realizar labores de dinamización e intervención social e cultural... entre outros.*

Faise necesario para o desenvolvemento das actividades da entidade, dotala dun local que lle permita acadar as finalidades de carácter cultural, educativo, deportivo, social, formativo e informativo perseguidas, e que contribúen ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto no art. 26.1 da Lei 9/07, de 13 de xuño de Subvencións de Galicia (LSG, en adiante), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente e que o mesmo ten o carácter de bases reguladoras da subvención, os que interveñen, conclúen o presente ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento da primeira fase de execución material das obras de reforma do inmovible da súa propiedade, situado na Estrada Xeral de Valladares, nº 233, executada no ano que andamos, cuxo orzamento se detalla a seguir:

PRIMEIRA FASE (Proxecto redactado polo arquitecto técnico, D. Camilio Rodríguez Álvarez e anexos reformados):

Nº	CAPÍTULO	FASE 1
1	DEMOLICIÓN E TRABALLOS PREVIOS	22.840,81 €
2	ALBANELERÍA	48.779,82 €
3	CARPINTERÍA	2.854,10 €
4	INSTALACIÓN	13.024,17 €
5	ILLAMENTOS	24.047,73 €
7	XESTIÓN DE RESIDUOS	593,92 €
	TOTAL EXECUCIÓN MATEIRAL FASE 1	112.140,55 €
	8 % Gastos Xerais	8.971,24 €
	7% Beneficio Industrial	7.849,84 €
	TOTAL PRESUPOSTO DE CONTRATA FASE 1	128.961,63 €
	18 % IVE	23.213,09 €
	TOTAL PRESUPOSTO FASE 1	152.174,72 €

V.- Que a entidade “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares”, non está incurso en ningunha das prohibicións ou circunstancias contempladas no artigo 13 da LXS para ser beneficiaria da subvención obxecto do presente convenio, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que constan no expediente número 5363/320.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, cultural, participativo, comunitario etc., que para a cidade de Vigo representan as actividades prestadas polo “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares”, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito das actividades sociocomunitarias e do fomento da participación cidadá, e a concesión da referida subvención de conformidade cos seguintes:

PACTOS

Primeiro.- A entidade comprométese a colaborar coa Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a execución e seguimento das obras executadas e, concretamente, a:

1- Asumir o cumprimento das accións obxecto do presente convenio e adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención

2- Destinar o inmovible cuxas obras se subvencionan a actividades sociocomunitarias, tal e como se lle autorizou na licenza municipal de actividade, e que, segundo os seus Estatutos, constitúen o fin principal da entidade, durante un período mínimo de quince anos, circunstancia que, por tratarse dun ben inscribible nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura de propiedade, xunto coa indicación do importe da subvención concedida. Practicada a inscrición, facilitaráselle copia simple do documento a administración concedente.

- 3- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, a realización do proxecto e a finalidade que determinan a concesión ou disfrute da subvención
- 4- Someterse as actuacións de comprobación ou control financeiro que, en calquera momento, poida levar a cabo a administración concedente, estando obrigada a facilitar tanta información e documentación se lle requira ao efecto
- 5- Comunicar ao órgano concedente, con anterioridade á xustificación da subvención, a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien o proxecto subvencionado
- 6- Acreditar, con motivo da xustificación dos fondos recibidos, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
- 7- Dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento das obras mediante a colocación dun cartel publicitario de, cando menos, 300x200 cms, no idioma galego no que deberá figurar o logotipo oficial do Concello de Vigo, como patrocinador das obras, que porá á súa disposición o servizo de Participación Cidadá, previa aprobación ao efecto
- 8- Dispor, ao remate da totalidade da obra proxecta, da preceptiva licenza municipal de funcionamento, necesaria para o desenvolvemento das actividades
- 9- Acreditar ter aboado as taxas, impostos e demais gastos derivados da execución das accións conveniadas
- 10- Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
- 11- En todo caso, de conformidade co art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá aprobado en sesión plenaria do 26/03/92, no último trimestre do ano, a asociación presentará unha memoria de actividades, balance económico do exercicio e orzamento para o ano a seguir
- 12- En xeral, cumprir con todas as obrigas que o art. 14 da LXS e demais normativa reguladora establece para as entidades beneficiarias.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1- Respetar a estrutura organizativa do “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares”.
- 2- Conceder directamente á entidade “Centro Cultural, Artístico e Recreativo de Valladares”, unha subvención por importe de 150.000,00 € co obxecto de financiar a execución da primeira fase das obras de reforma do local social situado na Estrada Xeral de Valladares, nº 233, propiedade do centro, para adicar a actividades socioculturais nas plantas semisoto, primeira e segunda da edificación, consistentes, segundo anexo do arquitecto técnico de data 19/07/11 (“previsión de inversión fase inicial”), en :

➤ **DESGLOSE ORZAMENTO PRIMEIRA FASE OBRA CIVIL:**

• Presuposto de execución material	112.140,55 €
• Gastos xerais 8% sobre P.E.M	8.971,24 €
• Beneficio industrial 7% sobre P.E.M	7.849,84 €

TOTAL	128.961,63 €
• IVE 18%	23.213,09 €
 TOTAL INVERSIÓN FASE INICIAL	 152.174,72 €

Pola súa parte, o Concello estará facultado para:

- 1- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento, por parte da asociación, das accións conveniadas, así como a adecuación do gasto subvencionado ao valor de mercado.*
- 2- Comprobar a adecuada xustificación da subvención, a correcta e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou o disfrute da subvención*
- 3- Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora cando proceda segundo o art. 37 da LXS*
- 4- Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora*

Terceiro.- En virtude da habilitación contida no art. 19 LXS esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, de acordo co art. 17.3 la LSG, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS, en adiante).

Cuarto.- O Concello de Vigo, concederá ao “Centro Cultural, Artístico e Recreativa de Valadares” unha axuda económica de 150.000 € (centro cincuenta mil euros) con cargo á partida 9240.7800001 denominada “Subvención Escola de Música Valadares”, incluída no vixente orzamento municipal (2011), aprobado en sesión plenaria do 23 de decembro de 2010, que se destinará a subvencionar a execución da primeira fase das obras de reforma obxecto do presente Convenio. Esta cantidade aboarásele á entidade mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080-0082-49-0040001484.

Quinto.- Se, á vista da documentación achegada para a xustificación da axuda, resultase que o custe total da primeira fase das obras de reforma que se subvencionan, resultase ser menor que o orzamento achegado, que serviu de base para establecer a contía da subvención, ou se se reduciran na execución do proxecto subvencionado as actuacións ou elementos previstos inicialmente, procederá a redución da axuda na mesma proporción .

Sexto.- Conforme ao art. 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación desta subvención no diario oficial correspondente, por canto se trata dunha axuda pública que ten asignación nominativa no orzamento municipal vixente (2011).

Sétimo.- Prazo e forma de xustificación:

Segundo o disposto no art. 31.5 da LSG, o pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario da realización do proxecto.

O prazo para a xustificación da presente subvención será de TRES MESES a contar dende o día seguinte á sinatura do Convenio, que se computará de conformidade co establecido no art. 48 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

O aboamento da subvención levarase a cabo mediante un único pagamento a conta.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

Documentalmente, a conta xustificativa estará integrada por:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras realizadas e dos resultados obtidos, que incluírá rexistro fotográfico ou audivisual.

b) Memoria económica xustificativa do custe das obras realizadas, que conterá:

1- relación clasificada de gastos da obra xustificada, con identificación do documento, acreedor, importe, data de emisión, e data de pago.

2- facturas orixinais e válidas no tráfico xurídico, co contido sinalado no art. 6 do RD 1496/03, de 28 de novembro, pola que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación e se modifica o Regulamento do Imposto sobre o Valor Engadido.

Co obxecto de posibilitar o control da concorrencia de subvencións, utilizarase un sistema de validación e estampillado de xustificantes de gasto, de tal xeito que, cada un dos documentos orixinais que se devolvan a beneficiaria da subvención estampillarase polo Servizo de Participación Cidadá (art. 30.3 LXS), mediante un selo, existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación se presentaron e se o importe do xustificante se imputou, total ou parcialmente, á subvención, así como a contía exacta que resulta afectada pola subvención. En todo caso, a beneficiaria ten dereito a obter copia sellada dos documentos que presenten, aportándos cos orixinais e á devolución destes, nos termos do art. 35.c) da Lei 30/90 de RXAP e PAC.

c) de conformidade co art. 31.7 da LSG e Base 38ª.9 das BEP, en cumprimento do regulamentado no art. 14 da LXS, a beneficiaria acreditará estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Porén, non será necesario presentar novas certificacións ao respecto se as obrantes no expediente de concesión seguen vixentes conforme ao art. 23.3 do RLXS.

d) relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a activiade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia (art. 30.4 LXS) ou, no seu caso, declaración responsable da

entidade de non ter recibido outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, que financien as obras subvencionadas, procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

e) declaración responsable do perceptor acreditativa dos seguintes extremos:

-que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron ao proxecto subvencionado

-que os gastos foron aboados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan

-no seu caso, cartas de pago de reintegro que proceda nos supostos de remanente non aplicados, excesos obtidos sobre o custe do proxecto e o interese de demora correspondente (arts. 37.3 da LXS e 34 do RLXS, en relación co art. 19.3 da LXS)

-cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a pertinente retención e que foi declarada, liquidada e ingreada na AEAT

f) certificación das obras realizadas expedida polo técnico director conforme as mesmas se axustan ao proxecto e anexos presentados

g) Acreditar ter aboadado as taxas, impostos e demais gastos derivados da execución das accións conveniadas

De non xustificar a subvención na forma e prazo establecido ou no caso de xustificación insuficiente, o beneficiario perderá o dereito sobre a mesma, tal como dispón o art. 31.5 da LSG e Base 38ª.8 das BEP.

Oitavo.- Será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, do que quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

Noveno.- Non se aboarán as facturas sen o visto e prace do arquitecto municipal, polo que, as que se acheguen deben ser conformes co orzamento de execución material de obras previsto no proxecto e anexos que serviron de base para o outorgamento da licenza.

Décimo.- Son gastos subvencionables, segundo o art. 31 da LXS, os que de maneira indubitada responden á natureza do proxecto subvencionado, que resultasen estrictamente necesarios e que se realizasen no ano 2011, considerándose realizados, os gastos pagados efectivamente con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- En caso de incumprimento dos compromisos asumidos e demais previstos no art. 37.1 da LXS, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondente, dende o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actuación subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto e orzamento achegados, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da proxecto subvencionado.

Décimo terceiro.- En canto ás infraccións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ás correspondentes sancións, procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da LSG ou, no seu caso, no Título IV da LXS, e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais, de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, de cara a conclusión do proceso subvencional, polo que, a súa achega resulta obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo quinto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ----- de 2011

3(1566).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO PARA A CREACIÓN DE POSTO DE “VICEINTERVENTOR/A ADXUNTO/A”. EXPTE. 22655/220.

Dáse conta do informe xurídico-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 29.12.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.-En escrito de data 28.12.2011, a Sra. Concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda dirixe petición ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal na cal solicita a modificación pun-

tual da vixente Relación de Postos de Traballo Municipal en relación ao posto denominado “Titular do Órgano de Contabilidade”, código 140.14, adscrito á citada Área e na actualidade en situación de vacante, aos efectos de que se proceda á creación dun posto de traballo denominado “Viceinterven- tor/a adxunto/a”, coa motivación contida no citado escrito.

2.-Polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal díctase instrucción de servizo na mes- ma data, 28.12.2011, ordenando á funcionaria suscribinte a realización dos trámites administrativos necesarios para o sometemento a debate da Xunta de Goberno Local, con carácter urxente, dunha proposta de modificación puntual da vixente Relación de Postos de Traballo en relación ao posto de traballo existente e vacante denominado “Titular do Órgano de Contabilidade”, a fin de dar debido cumprimento á petición da Sra. Delegada da Área de Economía e Facenda referida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Como cuestión previa, déixase constancia expresa de que a urxencia manifestada na incoación e conseguinte disposición do expediente administrativo para o seu sometemento a debate no órgano municipal competente obriga á emisión do mesmo coas salvedades legais necesarias no estudo do mesmo, dada a ausencia de tempo material, e co alcance estrictamente contido no presente informe, debendo lembrarse o preceptuado nos artigos 82 e 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC).

II.- A Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata a súa entrada en vigor; nembargantes, e en canto á ordenación dos postos de traballo e os instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes.

Prevé o artigo 74 da dita norma que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que com- prenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- ▣ Denominación dos postos de traballo.
- ▣ Grupos de clasificación profesional.
- ▣ Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- ▣ Sistemas de provisión.
- ▣ Retribucións complementarias.

Finalmente o citado precepto sinala que os ditos instrumentos serán públicos.

III.- De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesi- dades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instru- mento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo

adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

IV.- Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPTs ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consono ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.*
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.*
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.*

V.- A modificación puntual proposta, con independencia da súa oportunidade, non parece implicar alteración do cadro de persoal orzamentario aprobado polo Pleno do Concello para o presente exercicio económico 2011 -a piques de rematar- vinculado á aínda vixente RPT, xa que o postos de traballo citado ten a condición de posto existente na vixente RPT e conta coa correspondente dotación orzamentaria plenariamente aprobada para facer fronte ao custe asingado á praza vacante existente, reservada a funcionarios/as de Administración Local con habilitación de carácter estatal.

Como sinala a doutrina especializada (v. CORRAL VILLALBA, J. en “Manual de Gestión do Persoal da Administración Local”, Ed. Thomson Civitas; PÉREZ LUQUE, A. en “La provisión y pérdida de puestos de trabajo de las Corporaciones Locales”, Ed. El Consultor) a Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos, sempre debidamente motivadas na garantía de prestación dos servizos públicos nas debidas condicións.

No presente suposto, a motivación da modificación puntual que se propón vén avalada polo escrito da Sra. Concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, solicitando a creación dun posto de traballo a denominar “Viceinterventor/a Adxunto/a”, no marco organizativo da área, e tendo en conta a cantidade de funcións acumuladas na Área de Fiscalización, xuntamente coa de Contabilidade e Presupuestación, así como a necesidade de profundizar no control dos gastos na prestación dos servizos

municipais e dos ingresos; todo elo ata que se aprobe o instrumento interno de xestión das funcións económicas-financeiras-orzamentarias e de Tesourería, segundo se contempla no referido escrito.

Dito posto, asociado a unha praza vacante no cadro de persoal orzamentario de funcionario/a con habilitación de carácter estatal, Subescala de Intervención-Tesourería, ten asignadas idénticas retribucións ás contempladas para o posto de traballo ata o momento existente, sen prexuízo de que deben efectuarse dúas observacións expresas:

-O Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, residencia na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia a competencia para a clasificación dos postos de traballo reservados a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal. En consecuencia, a modificación puntual da vixente RPT que se pretende deberá ser remitida á Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local) aos efectos de que pola mesma se proceda á clasificación do posto de nova creación, con pronunciamento sobre a procedencia da denominación, funcións, contido e condición do posto.

-A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, establece a obrigatoriedade de separación das funcións de contabilidade e de fiscalización na xestión económico-financeira (artigo 133.b), residenciando o exercicio das mesmas no órgano u órganos que determine o Regulamento orgánico municipal (pendente de aprobación á data de hoxe) e residenciando a titularidade do mesmo en un funcionario/a de Administración Local con habilitación de carácter estatal. Por tal motivo, deberá valorarse a necesidade de contar co citado órgano na estrutura directiva municipal, a fin de garantir a debida observancia da lexislación vixente en materia de xestión económico-financeira, dotando a correspondente praza no vindeiro cadro de persoal orzamentario e o conseguinte posto de traballo asociado na RPT, en concordancia co que se dispoña no Regulamento Orgánico Municipal que no seu día se aprobe.

-Toda vez que por parte deste Servizo de Recursos Humanos tense constancia da proposta efectuada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal con motivo da confección do Capítulo I de gastos do Proxecto de Orzamentos Municipais para o vindeiro exercicio económico 2012, na cal se ordena a modificación do cadro de persoal en canto á configuración da praza asociada ao posto de Titular do Órgano de Contabilidade, a fin de que se contemple como unha praza de Secretario/a, reservada a funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, subescala de Secretaría, Clase superior, advírtese de que deberá ser deixada sen efecto dita proposta, modificándose o borrador do Proxecto de Capítulo I de gastos para os Orzamentos Municipais 2012.

VI.- Non están sometidas á obrigatoriedade de negociación colectiva as decisións das Administracións Públicas que afecten ás potestades de autoorganización, nin as relativas as condicións do persoal directivo ex artigo 37.2, apartados a) e c), da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

VII.- Vistas as consideracións e informe expostos, en estricto cumprimento da instrución do servizo dictada polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 28/12/2011, e considerando que a precedente proposta non implica modificacións retributivas nin devengos económicos que obriquen á preceptiva fiscalización previa da proposta ex artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase ao criterio da Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril,

Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) acordando o cambio de denominación do posto de traballo código 140.14 (“Titular do Órgano de Contabilidade”), que pasará a denominarse “Viceinterventor/a Adxunto/a”, nos termos da petición efectuada pola Concellería-delegada da Área de Economía e Facenda en data 28.12.2011.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Administración Local) solicitando a clasificación do posto de traballo cuxa modificación se realiza, en cumprimento do disposto no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia con respecto dos/das funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

CUARTO.- Instar ás Concellerías-delegadas das Áreas de Xestión Municipal e Economía e Facenda para que proporcionen as ordes e instrucións de servizo necesarias, a fin de que por parte dos servizos administrativos correspondentes se proceda á realización dos trámites administrativos oportunos para a disposición, no marco dos instrumentos de ordenación e xestión do persoal legalmente contemplados, das correspondentes praza e posto de traballo asociado que permitan dar cumprimento ás normas sobre xestión económico-financeira e separación das funcións fiscalizadora e contable na Administración Municipal de Vigo.

QUINTO.- Notifíquese o presente acordo aos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de Xestión Municipal e Economía e Facenda, Área de Réxime Interior (Xefatura da Área e técnico de Planificación e Organización) aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.